



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

**PREGOS PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA
CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE
MARQUESIÑAS NO CONCELLO DE A ESTRADA**

1. OBXECTO DO CONTRATO

O Contrato ten por obxecto a subministración e colocación de marquesiñas para o Concello de A Estrada.

O número de marquesiñas a fornecer estará en función do prezo unitario ofertado e será o máximo que permita o orzamento de contrata, número que quedará fixado no documento de contratación.

Esta indeterminación que estará emendada no documento de contratación, non será causa de modificación do prezo ofertado.

2. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN

Estrutura

As dimensións das marquesiñas será de 2,50 m de lonxitude por 1,40 m de fondo e cunha altura de 2,10 m.

A estrutura vertical constara de 5 piares de sección circular de aceiro inoxidable AISI 304 de 50 mm de diámetro.

A cuberta terá unha estrutura de perfilaría de aluminio de 50x50x3 mm e a cuberta consistirá nunha prancha de aluminio lacado a dúas caras de 1,5 mm de espesor.

Os cerramentos laterais e de fondo será de vidro Lamiglass antifracturario de 4+4 mm de espesor.

Cor: gris.

Todos os vidros sinalizaranse con dúas bandas serigrafiadas de 10 cm. de anchura, situada a unha altura respecto do chan de 90 cm. e 1,65 m. respectivamente, horizontalmente e en todo o ancho do cristal, excepto na que se inclúe as imaxes corporativas do concello de A Estrada e Deputación de Pontevedra que se eliminará unha de elas.

As marquesiñas contarán cun banco de asento de estrutura de aceiro lacado.

Instalación

As marquesiñas entregaranse instaladas nos lugares xa indicados previamente polo Concello.

Non se recibirán as marquesiñas que presenten á hora do seu montaxe golpes ou algún tipo de desperfecto.

O prezo unitario ofertado comprende a execución da obra de albanelaría total para a ancoraxe da estrutura da marquesiña e o banco, comprendendo entre outras as seguintes



EXCMA. CONCELLO
DA ESTRADA

unidades de obra: formación de soleira de base de 2,80x1,50x0,15 m de formigón HM-20/P/20/ Ila N/mm², Tmáx do árido 20 mm elaborado en central i/vertido e compactado e fratasado, según EHE-08.

Coidarase o acabado final, evitando manchas de morteiro na base dos pórticos da marquesiña, descentrado dos cristais, falta de nivelación da marquesiña, etc., que serán causa de non recepción.

O Adxudicatario está obrigado a:

- ✓ Coordinarse cos distintos Concellos para a colocación das marquesiñas.
- ✓ Designar unha persoa responsable para servir de interlocutor ante o Concello de A Estrada para atender calquera dubida

3. REQUIRIMENTOS DOCUMENTAIS

Na oferta para presentar polos licitadores achegarase unha memoria técnica que faga referencia ás especificacións que se detallan nos apartados anteriores, con canta documentación gráfica sexa necesaria, indicando como mínimo as seguintes características técnicas:

- ✓ Memoria que describa detalladamente, con canta documentación gráfica sexa necesaria, as especificacións técnicas do subministro conforme ás características detalladas no presente prego.
- ✓ Sistema construtivo e de fabricación, con materiais de construción, espesores, calidades, acabados, etc.
- ✓ Proposta de rotulación da marquesiña cas imaxes corporativas facilitadas polo contratista.

4. PREZO DO CONTRATO

As ofertas presentarán prezos unitarios das marquesiñas e a súa instalación é de 2.300,00 €, máis o 21 % de IVE o que fai un importe de 2.783,00 €, ata alcanzar o importe total do presente contrato que é de 69.000,00 €, máis o 21 % de IVE o que fai un importe total de 83.490,00 €.

5. OBRIGAS DO CONTRATISTA

Será por conta do adxudicatario:

- O desprazamento das marquesiñas ata o concello de A Estrada, e a construción da soleira obxecto do contrato
- Os subministros dos produtos totalmente rematados, montados e instalados nos puntos indicados polo Concello de A Estrada
- Persoa responsable do subministro que faga de interlocutor coa administración

6. PRAZO DE ENTREGA

O prazo máximo de entrega do subministro será de 2 meses, iniciándose o seu computo dende o día seguinte da formalización do contrato.

7. PRAZO DE GARANTÍA, REPARACIÓNS E MATERIAIS

As marquesiñas subministraranse con un prazo de garantía mínimo de dous anos contra todo tipo de defectos ou deformacións polo uso habitual dos mesmos.

Durante o período de garantía o adxudicatario substituíra, comprendendo os gastos de man de obra e materiais, nun tempo mínimo, as anomalías recoñecidas coma defectuosas por vicio do proxecto, de construción ou de material.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos o Concello de A Estrada terá dereito a reclamar ao adxudicatario a reposición dos bens inadecuados, ou a reparación dos mesmos se fora suficiente a xuízo do concello de A Estrada procedendo no caso contrario á incautación do importe do correspondente aval depositado.

O adxudicatario comprometeses a facilitar, sen cargo adicional algún, os medios de asistencia técnica necesaria para a correcta explotación das marquesiñas durante un mínimo de 10 anos.

A firma subministradora verase obrigada a manter durante os 10 anos os repostos necesarios para a súa reposición nos modelos ofertados.

O adxudicatario comprometese, en caso de ser requirido polo Concello de A Estrada a formar durante o tempo necesario, con persoal técnico cualificado ao persoal de mantemento que designe o Concello.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

A formación realizarase nas instalacións do concello, e os gastos da formación e estancia dos técnicos encargados de impartir a formación, correran en todo caso por conta do adxudicatario.

8. RECEPCIÓN DAS MARQUESIÑAS

A recepción das marquesiñas farase cando estean perfectamente montadas, sinalizadas e instalados nos lugares indicados polo Concello.